

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E
VIDA SAUDABLE DO DÍA 24/10/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTE: D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

VOGAIS: D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA

D^a. PAULA BOUZÓS BARROS

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D^a. BEATRÍZ LOMBA RODRÍGUEZ

D^a. MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día vintecatro de outubro de dous mil vinte e cinco, reúnen-se no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D^a. Luisa María Sánchez Méndez. Actúa como secretario D. David Simal Fondevila, en substitución da xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día dezanove de setembro de dous mil vinte e cinco.



2.- DAR CONTA DA "CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O RECOÑECIMENTO DA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO_DAN E DEPO_DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DE BASE (DEPO_TALENTO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO ANO 2025".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025.

Convocáronse cun financiamento de 405.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/340.3400.481.01. O prazo de solicitudes rematou o día tres de xullo de 2025.

Trala recepción de solicitudes e comprobación das mesmas, resolveuse a concesión das axudas ós deportistas.

3. DAR CONTA DA "CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL PARA O ANO 2025".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025.

Convocáronse cun financiamento de e 650.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/340.3410.489.20. O prazo de solicitudes rematou o 20 de maio de 2025.

Trala recepción de solicitudes e comprobación das mesmas, resolveuse a concesión das axudas ás entidades beneficiarias. Do importe concedido, 600.000,00 € son para 553 solicitudes de clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito inferior ao estatal e 50.000,00 € para 11 solicitudes de clubs deportivos de ámbito inferior a estatal (fútbol preferente).

4.- DAR CONTA DA "CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICÍONS OFICIAIS PARA O ANO 2025".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2025.

Convocáronse cun financiamento de e 550.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/340.3410.489.22. O prazo de solicitudes rematou o día 5 de xuño de 2025.

Trala recepción de solicitudes e comprobación das mesmas, resolveuse a concesión das axudas ás entidades beneficiarias. Do importe concedido, a distribución dos orzamentos por modalidades deportivas foi a seguinte: 305.000,00 euros para a modalidade de Piragüismo, 155.000,00 euros para a modalidade de Remo e 90.000,00 euros para a modalidade de Vela.



5.- DAR CONTA DO PATROCINIO DEPORTIVO "BOOT CAMP 2025".

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo entre a Deputación provincial de Pontevedra e PEPITA – TERY PRODUCCIONES SL (DIESEMM), que está dotado cun orzamento de 9.500,00 euros para a celebración do evento DESAFIO BOOT CAMP 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 25/340.3410.226.20.

A data de celebración do evento foi o día 5 de outubro de 2025.

6.- DAR CONTA DO PATROCINIO DEPORTIVO "IV REGATA INCLUSIVA VIGO A VELA".

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo entre a Deputación provincial de Pontevedra e MUNDINOVA S.L.N.E., que está dotado cun orzamento de 3.000,00 euros para a celebración do evento V REGATA INCLUSIVA VIGO A VELA, con cargo á aplicación orzamentaria a 25/340.3410.226.20.

A data de celebración do evento foi o día 4 de outubro de 2025.

7.- DAR CONTA DO PATROCINIO DEPORTIVO "EUROPEAN PARASURFING CHAMPIONSHIP".

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo entre a Deputación provincial de Pontevedra e QUENLLA SURF CLUBE, que está dotado cun orzamento de 7.000,00 euros para a celebración do evento EUROPEAN PARASURFING CHAMPIONSHIP 2025, con cargo á aplicación orzamentaria a 25/340.3410.226.20.

A data de celebración do evento foi entre os días 14 ao 19 de outubro de 2025.

8.- DAR CONTA DAS "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA IMPULSAR A FORMACIÓN DE MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS OU ADESTRADORAS, XUÍZAS E ÁRBITRAS NO ÁMBITO DEPORTIVO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025".

A presidenta dá conta das bases que regulan o procedemento para a concesión de axudas para impulsar a formación de mulleres en postos de técnicas ou adestradoras, xuízas e árbitras no ámbito deportivo na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Estas axudas están dirixidas á financiar os estudos que dean acceso aos postos de técnicas ou adestradoras en clubs deportivos e de xuízas e árbitras nas diferentes modalidades deportivas. Poden beneficiarse as mulleres nadas e residentes na actualidade nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra ou as mulleres non nadas na provincia de Pontevedra pero empadroadas desde o 1 de xaneiro de 2025 nalgún dos concellos da provincia.

O programa está dotado con 25.000 euros.

O prazo de solicitudes remata o día 17 de novembro de 2025.



9.- DICTAMINAR A "APROBACIÓN DO I PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA".

Sometido a votación dita proposta, a Comisión Informativa de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, ditamina favorablemente o I PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, e trasládase ao órgano competente para a súa aprobación definitiva.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás doce horas e trinta e cinco minutos do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

